

25N. Cee en Negro

09/11/2018 por [Concello de Cee](#)



O Concello de Cee súmase outro ano máis á campaña de denuncia e sensibilización social contra a violencia de xénero “En Negro contra as Violencias”, á que actualmente están adheridos 97 entidades locais e tres deputacións provinciais.

A concelleira de Igualdade, Pilar Iglesias Lema en colaboración co CIM, explica que “o obxectivo desta campaña é facer visible o rexeitamento da cidadanía ante calquera tipo de violencia contra as mulleres, polo que invitamos a participar ao tecido asociativo, económico, cultural, deportivo e social de Cee para dar unha resposta colectiva ante as violencias”. Con esta campaña, o Concello de Cee busca tinxir de negro todo o municipio a través dos escaparates dos comercios, dos manequíns, da roupa de traballo, desde o día 19 ata o 25 de novembro.

O Concello de Cee anima a todas as persoas e establecementos que queiran participar que acudan a unha reunión o día 13 a partir das 20:00h no SALÓN DE ACTOS do Concello para informarse e recoller o material.

Na páxina web “ennegrocontraasviolencias.gal“ pódense consultar todos os municipios participantes nesta nova edición que será a cuarta.

Ademáis, o CIM do Concello de Cee organiza diferentes actividades arredor do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Charlas, documentais, contacontos... e, por suposto, a Concentración e Lectura do Manifesto que se fai cada ano e na que **rogamos se acuda con vestimenta negra para dar maior visibilidade ao encontro:**

“ACTIVIDADES: 25 DE NOVIEMBRE DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2018”

A SEMANA DO 19 AO 23 DE NOVIEMBRE: Cee se viste de negro: CAMPAÑA EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

DÍA 29 OUTUBRO

“**NAS TIC MANDAS TI**” (Subvencionado pola Deputación A Coruña). Alumnado de 4º da ESO do IES Fernando Blanco e Agra de Raíces.

DÍA 9 NOVIEMBRE

Estreo do Documental **“NOETIÑA, AS MULLERES E O MAR NA COSTA DA MORTE”** ás **20:15h** ao que están convidadas todas as persoas que desexen asistir. (Trata das dificultades que atopan as mulleres para traballar no mar)

Noetina



Estrea en Cee
Venres 9 Novembro . 20:15 h
Salón de actos do Concello
Entrada libre ata completar aforamento

SOCIALDOCS PRESENTA NOETINA - AS MULLERES E O MAR, TRABALLADORAS INVISIBLES NA COSTA DA MORTE
EDITADO POR LARA CAPEÁNS SON JESUS RECALDE PRODUCCIÓN CELIA VARELA FOTOGRAFÍA LARA CAPEÁNS
PRODUCCIÓN EXECUTIVA D. D. DOCAMPO, MANOLO GÓMEZ PRODUCCIÓN POR D. D. DOCAMPO GUION E DIRECCIÓN GABRIELA AMOR



DÍA 20 NOVEMBRO

“CONTANDO EN FEMININO”(contacontos) con Ana Hermida ás 10:30h

Alumnado de educación infantil do CEIP Eugenio López e CPR Manuela Rial Mouzo. EEI de Pereiriña e CEIP Igrexa de Brens.

DÍA 21 NOVEMBRO

Contacontos **“CONTANDO EN FEMININO”** con Ana Hermida ás 10:30h

Alumnado de 1º,2º,3º de primaria do CEIP Eugenio López e CPR Manuela Rial Mouzo.

DIA 23 NOVEMBRO

CONCENTRACIÓN e LECTURA DO MANIFESTO 25 DE NOVEMBRO ás 12:00h no AUDITORIO BALDOMERO CORES na CASA DE CULTURA. **(A poder ser con roupa negra)**. Participan todos os centros educativos do Concello, así como APEM e ASPADEX, cada un leerá un manifesto feito polo propio alumnado.

NOVEMBRO E DECEMBRO

CHARLAS novembro e decembro: **“CIBERACOSO E SEGURIDADE NAS REDES”**.

Docente Iria Piñeiro. Alumnado de 1º ESO IES Agra de Raíces, Fernando Blanco e CPR Manuela Rial Mouzo e 6º de educación primaria do CEIP Eugenio López e CPR Manuela Rial Mouzo

DÍA 11 de febreiro 2019

“AGRESIÓNS SEXUAIS E VIOLENCIA SEXUAL” (subvencionado pola SXI e FEGAMP).

Alumnado de 1º de bachelato do IES Agra de